

## Matematinando

### BALANZA

Aproveitando que tiñamos unha chea de froitos de outono, aproveitamos para poñer en práctica unhas experiencias matemáticas do máis “pesadas”. Así, estimamos o peso dalgunhas froitas, predecimos cal pesaría máis ou menos e para comprobar primeiro botamos man dos nosos propios brazos e despois dunha balanza caseira que fixemos cunha simple percha e dúas caixas.



## Actualizando...

*informativos e locutora de radio na TVG e na Radio galega, respectivamente.*

*Empecemos por Marga Pazos:*

*-Que fas no traballo cando non estas diante dunha cámara?*

*Vamos preparando a escaleta, eu vou lendo todas as noticias e vou falando cos redactores.*

*-Para que precisas o ordenador?*

*Nese ordenador está toda a escaleta, que é un avance para que poida ler a noticia que vai a continuación. Indícame o que teño que facer, se hai novas enviámas e xa as incorporan.*

*-Como contactas coa gravación en directo que fai un reporteiro?*

*Pois mira, antes de estar en directo falo co reporteiro e dígolle: “Que che parece se che pregunto...?” É entón, cando os técnicos elaboran un vídeo sobre os informativos, mentres eu manteño unha conversa decidida anteriormente co reporteiro.*

*-Se te trabucas nas noticias, que fas?*

*Pedir desculpas e seguir para diante con un sinónimo.*

*E agora entrevistaremos a Begoña, a locutora da radio:*

*-Que lle dirías a unha persoa que acaba de empezar no teu oficio?*

*Que o pense moi ben, porque o xornalismo é moi difícil e hai que estar moi preparado.*

*-Gústache escoitar as túas noticias despois de publicalas para ver como quedan?*

*Non, non me gusta nada. De feito, horrorízame porque non recoñezo a miña voz.*

*-Cal é o teu programa-debate preferido?*

*Eu traballei moitos anos nos informativos da radio. Co tempo, a política aburriume e decidín facer un programa de cine. É eso o que máis me gusta xa que falo con actores e directores.*

*-Se hai festivo pero non suficientes locutores, ampliades o horario?*

*Non, os horarios dos informativos non varían, pero é certo que se hai días festivos é un pouco estresado, xa que hai pouco persoal e sobre todo non hai moitas novas.*

*Se queres ver máis fotos visita a nosa páxina web [www.colexiovilasalborada.es](http://www.colexiovilasalborada.es)*

